

Fóra de campo

Rosalía Fernández Rial



A autora



Rosalía Fernández Rial

É filóloga, doutora en Didáctica das Linguas e da Expresión Dramática pola USC, música e performer.

Dedícase á escrita desde moi nova e, como poeta, publicou, entre outros, os libros *En clave de sol* (2009), *Ningún amante sabe conducir* (2014), *Árbores no deserto* (Galaxia, 2020) e *De centeo e durmideiras* (2024). No ámbito da narrativa deu ao prelo *Bonus Track* (Galaxia, 2016) e, no do ensaio, *Mover ficha* (Galaxia, 2024).



Introdución

Fóra de campo enfoca o que fica alén do plano, o que se pode intuír pero non se ve, ese espazo onde se revela a cara oculta da realidade.

Fóra de campo fala unha linguaxe contemporánea onde conflúen as artes escénicas, plásticas e musicais.

Por iso, unha unidade didáctica arredor desta peza debe ter como foco principal, en canto á forma a interdisciplinariedade, un diálogo coas diferentes artes a través do que emerxa o subtexto, o que vai alén do literal. No que atinxe ao contido, as fases dunha relación de maltrato, en especial as que son máis difíciles de percibir a simple vista, serán o centro da unidade, igual que conforman a cerna do libro.

Centrándonos no argumento da obra, cómpre lembrar que un dos personaxes principais, Gladius, é un *influencer* que capta a Nere para a súa nova serie fotográfica. Dalgún xeito, cada unha destas fotografías, baseadas en diferentes obras plásticas transcendentales na historia da arte, marcan a evolución da peza teatral, a tensión argumental e o ritmo dramático. Tamén se corresponden cun vínculo que se vai volvendo máis tóxico con cada imaxe e canción.

Cada unha desas pezas visuais, que conforman un “cadro vivo” posto en escena polos actores e actrices, vai asociada a unha música que Gladius escolle para ambientar a atmosfera creativa. Iso é así en todos os casos menos no último, que tanto a música como a peza escénica é obra das mulleres protagonistas que se rebelan, precisamente, contra o narcisismo e a tiranía, en principio ocultos, de Gladius.

Introdución

En síntese, as obras pictóricas, asociadas a diferentes músicas que aparecen en *Fóra de campo* serían:

PÁXINAS	OBRA PICTÓRICA	MÚSICA
24	<i>A liberdade guiando ao pobo, de Delacroix</i>	“L’ Hymne des femmes” ou “Hymne du MLF”, na versión galega do grupo <i>Habelas Hainas</i>
27, 28	<i>Flower thrower, de Banksy</i>	“I’ll be your mirror” da <i>Velvet underground</i>
41, 42	<i>Mamá, de Louise Bourgeois</i>	“Hey Joe”, interpretada por <i>Jimi Hendrix</i>
51	<i>Nacemento de Venus, de Botticelli</i>	“Every breath you take” de <i>The Police</i>
62, 63	<i>As fiandeiras, de Velázquez</i>	“People have de power”, de <i>Patti Smith</i>

Aínda que despois se detallará o procedemento para poñer en escena cada imaxe e a súa música, cabe adiantar que se organizará a aula en grupos que traballarán cunha das imaxes e música asociadas, así como coa parte correspondente do texto teatral. Cada un dos cinco proxectos executados polos diferentes equipos constará de dúas partes: unha expositiva, de investigación, onde o alumnado indagará sobre cada obra mediante textos de carácter expositivo e, outra, creativa, en que a expresión verbal e non verbal terán un carácter artístico e estético interdisciplinar, literario, mais en diálogo con outras artes.

1. Nivel ao que vai dirixido

Cómpre advertir é que esta unidade didáctica podería aplicarse, con mínimas adaptacións, a calquera curso do ensino secundario, tanto obrigatorio como non obrigatorio.

Aínda así, consideramos que os niveis idóneos para a lectura de *Fóra de campo* son 3º, 4º de ESO e 1º e 2º de bacharelato. Nese senso, o profesorado debe relacionar as actividades que se propoñen con contidos, procedementos e actitudes tratadas nas aulas de lingua e literatura, como a construción e análise de textos, a escrita creativa ou a educación literaria, con maior ou menor grao de complexidade en función dos cursos aos que se dirixa.

En calquera caso, un primeiro achegamento á obra, de maneira guiada, e a execución da Unidade Didáctica si que se podería realizar en calquera nivel da ESO e bacharelato.

2. Metodoloxía

A metodoloxía desta unidade didáctica enmárcase, en primeira instancia, nun enfoque comunicativo onde ao ensino e aprendizaxe de linguas se refire. Dese xeito, as actividades, promoven un uso de todos os recursos expresivos e comprensivos do alumnado, tanto verbais como non verbais, de modo individual e colectivo, en contexto e interacción. En relación con iso, deféndese unha perspectiva multicultural e plurilingüe, aplicando un Tratamento Integrado das Linguas (TIL), pois, como se pode observar, as pezas artísticas e musicais están en distintas linguas e fican integradas en diferentes culturas. Chega con revisar a táboa que se facilita na introdución para comprobar esa diversidade lingüística entre galego, francés e inglés e cultural asociada a cada artista presente.

Ademais, como se adiantou no apartado anterior, a interdisciplinariade é outro dos elementos que se integran nesta unidade. Nese senso, o ideal sería a coordinación cos departamentos de Historia, de Educación Plástica, Visual e Audiovisual e os das diferentes linguas presentes no centro educativo. Aínda así, pode exercerse exclusivamente desde a materia de lingua galega e literatura e xestionar a interdisciplinariade da maneira en que o profesorado considere mellor. Algunha idea podería ser tamén asociala ao PDI do centro, ou mesmo ao traballo das bibliotecas escolares.

Por outra banda, de maneira coherente co argumento da obra, esta unidade promove unha escola inclusiva e en valores. De feito, a evolución da relación entre Gladius e Nere ha de adoptarse desde unha perspectiva crítica, así como a escolla das cancións, que van revelando progresivamente o carácter maltratador do *influencer*, presente tamén nas letras das cancións centrais, o que se rompe no inicio e o final por motivos obvios ao ler a peza teatral.

Finalmente, non queremos rematar sen facer alusión a que esta metodoloxía didáctica se asocia aos itertextos, concepto desenvolto pola mesma autora desta Unidade didáctica e de *Fóra de campo* no seu libro *Mover ficha* (Galaxia, 2024). Así, aquí tamén se emprega un enfoque interdisciplinar coa expresión dramática e teatral como ferramenta pedagóxica para o ensino e aprendizaxe de linguas. Este modo de proceder parécenos o máis axeitado para poñer en práctica intercambios comunicativos, lingüísticos e artísticos, equivalentes aos reais e útiles para a vida. Ademais, situámonos nunha aprendizaxe construtiva, significativa, integral e global onde o alumnado sexa quen protagonice o proceso de coñecemento, baixo a guía do ou da docente.

3. Actividades

3.1. ACTIVIDADES INTRODUTORIAS PARA TODA A CLASE

Tras ler a peza teatral é recomendable debater algunhas cuestións entre toda a clase, para tomar conciencia do que realmente acontece na peza e sobre o que se vai traballar, empezando pola análise da cuberta e a sinopse e rematando polo significado profundo da obra:

3.1.1. CUBERTA

Despois de ler o libro, podemos volver revisar a cuberta e a contracuberta, reparar de novo na sinopse e reflexionar sobre as seguintes cuestións entre todo o grupo aula:

- * A imaxe da cuberta contén un fragmento dunha obra importantísima na historia da arte. Recoñecédela? Alguén sabería dicir quen é o seu autor e a que época pertence? Lembrades en que parte de *Fóra de campo* aparecía? Alguén recorda algunha outra obra e arte plástica que saia no libro? Como credes que se relacionan esas obras de arte coa trama do texto dramático?
- * Se nos fixamos nas cores e no deseño da cuberta, lembran claramente a unha das redes sociais máis populares, cal? Que perigos poden albergar as redes sociais nos vínculos entre as persoas? Cres que fas un bo uso das redes sociais? Gustaríache ser *influencer* como Gladius? Pensas que é un traballo doado? Que vantaxes e que desvantaxes lle ves a esa profesión?

3.1.2. SINOPSE

- # Se nos fixamos de novo na sinopse, agora que xa lemos o libro, a que pensades que se refire con “nada volve ser como antes”, que é o que cambia realmente?
- # Credes que Gladius trata ben a Nere? Como definiríades a súa relación? Esta é igual todo o tempo? Como calificaríades ese vínculo? Poderíamos dicir que existe “maltrato” por parte do *influencer*? Por que? Pensades que Nere é consciente da situación? Que papel xogan as súas amigas? Que fan para axudala?
- # O final da peza teatral é relativamente aberto, como pensades que rematará?

3.2. ACTIVIDADES CENTRAIS POR EQUIPOS: EXEMPLO CO

EQUIPO LIBERDADE E PAUTAS XERAIS PARA OS DEMAIS

O grupo aula dividirase agora en cinco equipos, correspondentes con cada unha das imaxes e cada unha das cancións do libro:

- 😊 Equipo LIBERDADE (Delacroix / Habelas Hainas)
- 😊 Equipo FLOWER THROWER (Bansky / Velvet Undergroud)
- 😊 Equipo MAMÁ ARAÑA (Louise Bourgeois / Jimi Hendrix)
- 😊 Equipo VENUS (Botticelli / The Police)
- 😊 Equipo FIANDEIRAS (Velázquez / Patti Smit)

Se reparamos en cada unha das cancións, veremos unha curva dramática de tensión que se corresponde cunha das fases da relación entre Gladius e Nere: primeiro Gladius amosa unha falsa conciencia sobre o apoderamento das mulleres querendo liderar a súa loita en vez deixarlles espazo e voz. É el quen lle dá ao *play* ao “Himno das mulleres”, sen que nin o público se decate nun principio de que o desenlace será fatal. A continuación, séguese por unha fase de lúa de mel, un *love bombing* inicial para gañar a confianza da vítima e logo comeza un sutil

Guía didáctica

control con “I’ll be your mirror” como tema musical. Máis tarde, ese control vai en aumento con “Every breath you take”, de banda sonora, sobe aínda máis a tensión con explosións de violencia mentres se escoita “Hey Joe”, de Jimi Hendrix, e, por último as mulleres que rodean a Nere, a súa rede de afectos, toma as rendas e rebélase co poder de Gladius ao ritmo de “People have the power”.

Como vemos, o conxunto dos grupos van trazar unha curva en forma de campá tanto no que se refire á tensión dramática como á situación de maltrato por parte de Gladius contra Nere.

En coherencia con isto, os proxectos escénicos finais, como se adiantou, constarán de dúas fases:

😎 Unha primeira de investigación, onde cada grupo debe indagar sobre a obra plástica e a canción que lles tocou. Os resultados desa investigación, sempre no marco da relación co libro *Fóra de campo* e cos seus personaxes e trama, comunicaranse en forma de texto expositivo oral ante o resto da aula.

😎 Unha segunda fase de creación onde cada grupo poñerá en escena a obra plástica e a música asignadas formando parte dun todo argumental coa evolución antes referida.

Nesta, o procedemento será similar en todos os casos: primeiro formarase un “tableau”, é dicir, unha imaxe estática, conxelada dos corpos tal e como se indica nas acoutacións do libro nas páxinas correspondentes mentres vai soando a música asignada. Logo, báixase a música e collerase o refrán de cada canción como retrouso que pronunciará en alto cada grupo. Despois, alguén que faga de Gladius vai interromper esa escena cunha orde (que irá en aumento segundo a fase en que nos atopemos); cada membro do grupo, saíndo da imaxe conxelada de un en un, contestaralle a Gladius, como se todas foran Nere, e, finalmente, volverá soar a canción para volver ao “tableau” e ao refrán inicial.

Esta será a base pero, evidentemente, a idea é que cada equipo amose toda a súa creatividade dentro do marco referido. O que resulta importante recalcar é que sen conflito non hai teatro e que aquí o conflito está marcado pola relación entre Gladius e Nere (sendo Nere todas as compoñentes de cada “cadro conxelado”) e que é moi relevante medir moi ben a evolución dese vínculo referido entre os protagonistas.

A continuación amosarase un exemplo máis detallado do procedemento de traballo do primeiro dos equipos, especificando o proceso en cada unha das dúas fases -de investigación e creación- e logo daranse unhas liñas xerais do conxunto, pois a esencia do proxecto será igual para cada un dos grupos.

FASE DE INVESTIGACIÓN

🕶 Coñecedes o grupo “Habelas Hainas”? Consultade na rede noticias sobre esta formación e escoitade nas plataformas musicais e audiovisuais a súa versión do “Himno das mulleres”. Logo podedes ampliar a información indagando sobre as orixes deste tema que Habelas Hainas versiona. Analizade a letra e reparade no seu significado profundo. Seguro que ao resto da clase lle interesa todo isto e tamén que significado pode ter na peza teatral *Fóra de campo*, sería fantástico que llo expuxerades!

🕶 Buscade información sobre a obra *A liberdade guiando ao pobo*, de Eugène Delacroix: podedes expoñer ante as vosas compañeiras e compañeiros quen foi o artista, en que época pintou o cadro, o determinante que foi dentro dos movementos pictóricos e artísticos e vincular todo isto co libro.

FASE DE CREACIÓN

Igual que indican as acoutacións de *Fóra de campo* nas páxinas correspondentes á formación do cadro de Delacroix coa canción de Habelas Hainas” como banda sonora, imos formar primeiro un “tableau”, é dicir, unha imaxe conxelada cos nosos corpos, como se nos fosen sacar unha fotografía.

Mentres soa o “Himno das mulleres”, na versión de Habelas Hainas, formaremos a imaxe. En canto estea, baixarase a música e berraremos o refrán “en pé”, que actúa como retrouso da canción.

A continuación entrará un compañeiro que encarnará a Gladius e improvisará unha indicación coherente coa relación que teñen nese momento da obra Gladius e Nere. Todas as persoas que conformades a imaxe de Delacroix ides exercer como Gladius, cada unha cun número asignado. Unha a unha, nunha orde pactada, sairemos do tableau, da imaxe conxelada, a contestarlle a Gladius, tamén de maneira congruente coa fase do vínculo que se está creando entre os dous nese momento da obra.

Cando todas as persoas intervise, Gladius marchará e volverá soar a música, regresaremos á imaxe inicial e berraremos de novo “en pé”.

Este mesmo proceso repetirase con cada un dos equipos, sempre tendo en conta a importancia da investigación inicial sobre a peza pictórica e, sobre todo, da letra da canción e a súa análise, tanto a modo de comentario crítico como de indagación do seu contexto de composición e das artistas correspondentes (sen ir máis lonxe, a relación entre os membros da Velvet correspóndense co vínculo tóxico descrito na letra, maltrato aínda máis explícito no caso de “Every breath you take” ou de “Hey you”). En canto ao refrán, pode anotarse que o de “I’ll be your mirror” pode ser mesmamente “Serei o teu espello”; o de “Every breath you take”, “Estareite mirando”; o de “Hey Joe” pode ser “A onde vas coa pistola na man?”, e o de “People have the power”, literalmente “O pobo ten o poder”.

O realmente interesante sería que o conxunto das cinco pezas interdisciplinares amosasen a evolución pretendida e que, se o resultado escénico nos convence a todas as participantes vaiamos puíndo o resultado ata poder amosalo alén da propia aula. É moi importante que a curva da tensión estea clara e se vaia medindo entre o conxunto do grupo aula con avaliacións e observacións por parte do alumnado.

Ademais, sería recomendable ir fixando o texto previamente improvisado e traballando sobre el nas clases de linguas ata obter un produto final escénico propio que parta da base de Fóra de campo, pero que, ao mesmo tempo, supoña unha adaptación moi libre por parte do alumnado e o profesorado ata convertelo nunha peza propia. Dese xeito, a fase de investigación ficaría para dentro das paredes da aula (polo menos no seu carácter de exposición oral, que sempre se pode resumir nalgún cartel ou tríptico noutros lugares do centro) pero a de creación pode transcendelas por completo!

*Moito ánimo e a erguer os pauos teatrais
e os muros dos colexios!*

Xuvenil / a partir dos 14 anos

